

RESINA DE POLIÉSTER

~

Correa Corredoira

Prólogo de Lino Braxe



BAÍA EDICIÓN S

PRÓLOGO

por Lino Braxe

I. MIRADA Á RESINA DE POLIÉSTER

Este libro de Correa Corredoira, o meu amado pintor, é un libro de entrega á causa da vida, de dádiva á dignidade da especie humana e das outras especies. É un documento, un pergameo que se manifesta como o testamento dun pensador rebelde, dividido, crebado pola paixón das súas apostas, das súas necesidades, das súas apostas necesarias.

1.^a aposta necesaria

A pintura dálle o espazo diante do mundo. A luz que o trae desde as catacumbas até a superficie de Roma.

2.^a aposta necesaria

O idioma, ese galego tan seu, é o que o converte nun culto sabio aldeán irredutible, apertado a un fresco de Miquelangelo Buonarroti.

3.^a aposta necesaria

O seu amor polos outros pintores, polos outros poetas, transfórmano nun pintor que escribe e nun poeta que pinta. Isto é, nun artista que é quen de ollar o mundo desde a atalaia da admiración polo alleo e polo propio.

4.^a aposta necesaria

O seu alarido por esta civilización enferma, lévao a contemplar e denunciar un tempo delirado. Esa España á que lle pesa a cruz mentres o destino de África lle dispara a indignación. Os voitres da política, as torres do diñeiro, van criando unha ruína colectiva que o asfixia e que o invita a unha danza macabra. A danza das guerras e das mortes de inocentes que dilatan o seu corazón.

II. CRIANDO NO VENTRE DA BALEA DA RESINA DE POLIÉSTER

Se un é engulido pola *balearesinadepoliéster*, imenso mamífero mariño, e acaba engaiolado no ventre dese animal, sente tentacións de ser parte del, de mesturarse coas súas vísceras e acompañarse á súa respiración. Por iso, para este prólogo non puiden evitar xogar cos poemas do autor. E así, usando un verso de cada poema fun construindo unha especie de *Suite Poética en X Tempos e unha Coda* que concibo como unha homenaxe ao meu amado pintor Correa Corredoira, ese capitán Acab, que me permitiu regresar á evocación de Melville e a súa *Balea Branca*, ás fantasías submarinas de Simbad, de Cunqueiro e de Lugrís.

I.

A pintura dáme o espazo.
Empuxado por sombras
retorno ao propio ollo.
Non percibo os pintores de Altamira
de colegas nin de amigos.

II.

A imaxinación érguese con símbolos
de versos a compás.
Nos escuros peixes
aspiro ar nacido da mar esbarrigada
como quen usa zapatos vellos,
no esquezo toda esperanza.

III.

Vén a luz con agochado veleno.
Saudade do que non vivín
polas follas de herba de Whitman.

IV

Era un lexionario paracaidista.
A morte refrega na mancha grande.
A luz debuxa choiva no vento,
pel ensanguentada no escuro.

V

A túa lingua revóame pola cara, Rosalía.
A nácara da túa face fura negra sombra.
Nesta morte o silencio non ten respiro.

VI.

Enfraquecido por invernos
que acenden sombras vivas
do meu esqueleto aceso no alto,
amorado en museo ou teatro,
baixo o sorriso xeado
na lagoa do teu soño.

VII.

Vivimos estando de costas
no alzadeiro das caveiras.
Outro touro bradando sangue.
Preferiría non recordar.
A España pésalle a cruz.

VIII.

— Non son de pedra!
Falou o provedor de pontes.
Berro contigo de cara a Roma.

IX.

Un resentido criminal
bombea coa man núa,
no sangue dos paxaros,
o negocio da morte.

X.

Como xa fixera William Blake
cando as rosadas cruces,
recalcitrarei, eito a eito,
no segredo autista do meu rústico taller.

Coda

As cordilleiras exaltadas.
Es moi capaz de morrer por elas,
coa túa voz internada
na moi caldeada casa dos días.

RESINA DE POLIÉSTER



A PINTURA DÁME O ESPAZO
onde as palabras traen cousas
para extraviaren os minutos.

EMPUXADO POR SOMBRA
e atraído por luces
o claroscuro pasa.

RETORNO AO PROPIO OLLO CON OUTRA CANTAREA,
pois pasar polo mundo das manchas meteume
nas mans ritmo amarelo de lagarto quente.

NON PERCIBO OS PINTORES DE ALTAMIRA
de colegas nin de amigos, senón como
a miña alma establecendo daquela
vínculo co mundo. Con mans máis mouras,
peludas e tres falanxetas amputadas
tornaba pedra do teito en touro vivo:
Industria do currículo previo a nacer.

